

# A CIDADE DAS ESTRELAS. LA LA LAND

# 194

[Damien Chazelle, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 20.01.2017 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

*La La Land* (1965, 127')

**Dirección:** Damien Chazelle

**Guión:** Damien Chazelle

**Elenco:** Ryan Gosling, Emma Stone, J.K. Simmons, Rosemarie De Witt, John Legend, Finn Wittrock, Sonoya Mizuno, Jessica Rothe, Jason Fuchs, Callie Hernandez, Trevor Lissauer, Phillip E. Walker, Hemky Madera, Kaye L. Morris

**Dirección de arte:** Austin Gorg

**Son:** Steven Morrow

**Música:** Justin Hurwitz

**Fotografía:** Linus Sandgren

**Montaxe:** Tom Cross

**Produtora:** Marc Platt Productions, Black Label Media, Gilbert Films, Impostor Pictures (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Universal

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.55:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA

*Whiplash*, 2014

*Guy and Madeline on a Park Bench*, 2009

## PREMIOS E FESTIVAIS

7 Globos de Ouro (mellor filme comedia ou musical, director, actor, actriz guión, canción e banda sonora), Toronto 2016 (premio do público), Venecia 2016 (mellor actriz)

## SINOPSE

Mia é unha aspirante a actriz que vive en L.A. na busca do soño hollywoodiense mentres traballa como camareira. Sebastian é un pianista que vive das actuacións de segunda, pero o seu soño é rexentar o seu propio club de jazz. Os seus destinos cruzaranse e descubrirán que o equilibrio entre o amor e a arte pode ser o maior obstáculo de todos.

«Chazelle dá novos bríos ao xénero cunha encendida e enérxica reivindicación da paixón, a melancolía e, finalmente, o desexo.»

Luis Martínez, EL MUNDO



# A CIDADE DAS ESTRELAS. LA LA LAND

[Damien Chazelle, 2016]

## “Gústame a idea de Hollywood da parella que volve”

**Entrevista a Damien Chazelle**

Por Edward Douglas

**De onde che vén o amor polos musicais clásicos? Pensei que algún dos teus pais era músico, pero despois lín que eran profesores ou académicos.** Si, traballan como académicos, pero eu medrei coa música como unha parte importante da nosa vida doméstica. Meu pai foi un ávido oínte de jazz e de blues, guitarrista, e penso que por iso comecei cando era moi novo a tocar. Boa parte da miña mocidade paseina tocando a batería como xa sabedes. Especialmente jazz. Penso que o meu amor pola música e polo jazz vén da miña experiencia biográfica. Pero non namorei dos musicais clásicos ata que comecei na universidade.

**O repertorio que toca Ryan no filme é increíble.**

Non houbo truco ningún, el é un monstro. Ryan colleu o piano e aprendeu as pezas que tiña que tocar enteiras, aínda que non fose preciso... El fixera algunha incursión no piano algo antes, pero non sabía o que era ser un pianista e moito menos un pianista de jazz. Pero estudou minuciosamente e acabou indo por libre máis lonxe do que eu inicialmente planificara. Así que non hai dobre de piano na escena nin moito menos. Son as súas mans, é todo Ryan.

**Emma tiña feito algo de musical antes como *Easy A* e tamén estivo en *Cabaret* en *Broadway*. Asumo que hai moita canción na propia escena, ou gravastes con anterioridade?**

Coñecía antes do proxecto, cando estaba facendo *Cabaret*, así que ela estaba co xénero musical no seu espazo mental, o cal foi fantástico. En canto acaba *Cabaret* pasa a facer *La La Land*, comeza a ensaiar. Pero aínda que os dous tiñan algo de formación musical, ningún fixera un musical para a pantalla. Ao igual que co piano, cando chegou o tema de cantar e bailar querían ter algo de rodaxe e querían ter tempo para ensaiar. Así que houbo un período de entramento intensivo duns tres ou catro meses.

**O material que non puides utilizar en *Guy and Madeline*, ben por razóns**

**económicas ou ben por razóns loxísticas, finalmente utilizáchelo en *La La Land*?** Si, pode ser. Non ideas específicas, pero en certa forma Justin e máis eu quixemos ou soñamos que *Guy and Madeline* de súpeto estoupase en cor ou en pantalla grande ou algo, ao estilo do filme de Spike Lee *She's Gotta Have It*. Ten unha especie de secuencia en cor, queimada, metida nun filme en branco e negro de 16 mm. A Justin encantoulle esa idea. Algo así como un *Mago de Oz*, aínda que realmente non quixese facer iso, pero si que devecía por facer un musical en cor, e utilizar a paleta de cores que un musical utiliza como instrumento expresivo.

**Ryan e Emma teñen feito varios filmes xuntos xa, este é outro máis?**

Se pensas en todos os antigos filmes de Hollywood, había equipos de actor-actriz que fixeron moitos filmes xuntos, pero é algo que se perdeu nos últimos anos, parece que non queremos seguir vendo á mesma xente xunta (...). Gústame a idea de Hollywood da parella que volve, se iso ten sentido. Xa sabes, Bogie e Bacall, Tracy e Hepburn, obviamente Fred e Ginger, a idea de que case podes crear un personaxe a partir desa parella a través dos filmes que levan feito. Semella unha vella idea de Hollywood, para min foi divertido xogar a iso, e penso que en parte a Ryan e a Emma tamén lles entusiasmou.

**Aínda ben o filme non se estreara xa había xente falando del, parece que 2016 foi un mal ano. Presta ver algo tan refrescante e brillante. Pensas que tería tido o mesmo efecto se o fixeses hai dous ou tres anos?**

Non sei, é raro, cando algo gusta nunca sabes. Comezamos a escribila no 2010, 2011, as cousas eran diferentes. É certo que onde estamos agora faime pensar un pouco en cal é o papel da arte. Penso menos na arte como unha vía de escape e máis como algo que permite ver o mundo cunhas lentes diferentes por un momento. Non o vexo como un escapismo, nin sequera cos musicais, penso en algo máis fondo. Os filmes de Fred e Ginger nos anos 30 ou así, reflicten o seu tempo, aínda que sexa dun xeito moi indirecto, ou como un contrapunto.

**Escoitei que estabas a facer un filme sobre Neil Armstrong con Ryan. Pois si!**

Publicada en [Irmonline.com](http://Irmonline.com)  
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

*Whiplash*, Damien Chazelle. Sony [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME